



Comunicado nº 005/19
9 de xaneiro de 2019

▣ DIRECCION GENERAL DE TRÁFICO



Ao longo do ano 2019 porase en marcha unha aplicación informática que se utilizará tanto para os permisos das probas de automobilismo, como da elaboración dos informes que outros organismos solicitan as “Xefaturas Provinciais de

Tráfico” afectadas para a súa autorización.

Con esta aplicación informática, ademais de dar cumprimento a obriga que teñen tódalas administracións de permitilo acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, tamén se espera que nos axude a mellorar a tramitación dos procedementos de autorizacións e informes sobre todo, que a faga máis rápida. Nembargantes, para que isto sexa posible, necesitamos a colaboración dos organizadores das probas de automobilismo de Galicia e solicitantes dunha autorización para que tamén usen dita aplicación a hora de elaborar os rutómetros, libros de seguridade, regulamentos particulares, horarios e peches de estradas, mapas de situación dos treitos con coordenadas, D.N.I. do xefe de seguridade vial e do director de carreira con copia do permiso de conducir, alertas de hospitais, control das matrículas e número de D.N.I. dos participantes, formulario coa información dos recursos humanos e materiais.

Así pois, co obxectivo de mostrarnos como funciona a aplicación e como introducila información que precisamos para a tramitación da autorización da “DGT”, como da elaboración do informe das Xefaturas de Tráfico para outras administracións que autoricen, organizaráse unha reunión o mércores, 30 de xaneiro. A idea é ensinarnos a aplicación de maneira detallada as federacións para que logo se poida informar e, na medida do posible as escuderías a implantación telemática.

No caso de eventos deportivos que non autoriza a “DGT” (subidas, rallymix, slalom que se fagan e desenrolen en estradas de titularidade municipal) o uso desta aplicación non é necesaria pero non evita a obriga de solicitar a preceptiva autorización o órgano da Xunta de Galicia, Deputación, ou Concello correspondente, tendo que entregala mesma documentación que a esixida para a “DGT”.

ASESORÍA XURÍDICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO